



NOTIFICACIÓN

Expediente núm.: 237/2024

Notificación ao Interesado

Procedemento: Contratación

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
237/2024	A Xunta de Goberno Local	18/09/2024

RESOLUCIÓN

O alcalde di que antes de tratar este punto é necesario ratificar a inclusión deste asunto na orde do día debido ao prazo establecido para a xustificación da subvención. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adjudicación, da obra "Mellora da eficiencia enerxética nas pistas deportivas de Vilaza", financiadas pola Vicepresidencia Primeira e Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes.

Ao existir crédito axeitado e suficiente segundo consta no expediente para o financiamento das obrigas derivadas deste contrato.

Vista a acta da Mesa de contratación de data 18 de setembro de 2024, na que se presenta a relación de licitadores e as puntuacións acadadas, a cal é por orde decrecente a seguinte:

LICITADOR	CRITERIOS MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	OFERTA ECONÓMICA	GARANTÍAS	REDUCCIÓN DE PREZO DE EXECUCIÓN	TOTAL
CONSTRUELECTRIC SYSTEMS GALICIA SL	20	12,58	40	20	92,58
INTELLIGENT REAL SOLUTIONS SL	15	15	40	20	90,00
INTEC VIGO SL	15	12,77	40	20	87,77
INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA SL	15	12,73	40	20	87,73

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700





Quedan excluídos os seguintes licitadores:

NIF: B01610666 ARES PMO PV PROJECTS, S.L.

Motivo: Faltan fichas técnicas das luminarias, módulos fotovoltaicos e inversores, de acordo coa cláusula 10.2.3 do Prego.

NIF: B32323370 GRUNDILA,S.L.

Motivo: Faltan fichas técnicas das luminarias, módulos fotovoltaicos e inversores, de acordo coa cláusula 10.2.3 do Prego.

NIF: B19623057 SYCO SISTEMAS E INSTALACIONES S.L.

Motivo: Faltan fichas técnicas das luminarias, módulos fotovoltaicos e inversores, de acordo coa cláusula 10.2.3 do Prego.

A Mesa de contratación comprobou no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas que a empresa está debidamente constituída e acordou, así mesmo, requirirle á empresa Construelectric Systems Galicia, SL, mediante notificación electrónica, para que constituíra a garantía definitiva, que achegara os compromisos aos que se refire o artigo 75.2 da LCSP 2017 e demais documentación, así coma os certificados de calidade no prazo de sete días laborables dende a dita notificación.

Visto que con data 18 de setembro de 2024, o licitador Construelectric Systems Galicia, SL, constituíu garantía definitiva por importe de 2.130,00 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa Construelectric Systems Galicia, SL, o contrato da obra " Mellora da eficiencia enerxética nas pistas deportivas de Vilaza", por procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación, oferta máis vantaxosa, por un importe total de 51.546,00 € (IVE incluído), dos cales 42.600,00 € corresponden á execución do contrato e 8.946,00 €, ao IVE.

SEGUNDO. Notificar a Construelectric Systems Galicia, SL, adxudicatario do contrato, este acordo, e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar en Monterrei nos 15 días hábiles seguintes ao da recepción do acordo de adxudicación. Así mesmo, deberá acreditar que o asinante da proposición e o que asina o contrato ten poder bastante para realizar tales actos.

TERCEIRO. Publicar a formalización do contrato da obra "Mellora da eficiencia enerxética nas pistas deportivas de Vilaza" no perfil de contratante nun prazo non superior a 15 días dende o perfeccionamento do contrato.





RECURSOS/ALEGACIONES

Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo desta provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

